

SUBMISIÓN URBANA

IKIGAI

Comunidade individual

As células do corpo
enlénanse,
existe no seu tacto microscópico
o poder da fala muda.
O berro plasmático
conecta os recunchos,
o corpo é ecosistema de si
mesmo,
de bacterias
que nos percorren con raíces
de auga.
Somos, en nós mesmos,
unha comunidade.



Cita

Hannah Arendt:

“As masas non se unen pola consciencia dun interese común e fáltalles aquela específica articulación de clases que se expresa en obxectivos determinados, limitados e tanxibeis”

Existe en xaponés un termo para denominar a “razón de ser”, a causa e consecuencia da existencia individual, inevitábelmente vinculada á sociedade na que se desenvolve a persoa: o ikigai. Represéntase a miúdo como un diagrama que harmoniza os catro piares fundamentais que sosteñen o traballo que cada ser humano está “destinado” a realizar: o que un ama, para o que ten talento, polo que recibe un beneficio e o que o mundo precisa. Este último factor revela o papel que xoga a comunidade na propia existencia do individuo e podería levar a un a cuestionarse se esta interdependencia que se establece entre todas as persoas conleva certo sometemento.